



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS, CONTRATACIÓN, MEDIOAMBIENTE, PRAIAS E SERVIZOS XERAIS

INSTALACIÓNS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE MIÑO

Considerando que este Concello se acolleu ao seu dereito preferente de xestionar os servizos de tempada nas praias do seu municipio no dominio público marítimo-terrestre, de conformidade co que establece o artigo 53 da Lei 22/1988 do 22 de xullo e o artigo 113 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, que establece as condicións e procedementos aos que deben someterse tales autorizacións.

Logo de ver a resolución do concelleiro delegado da área de infraestruturas, contratación, medioambiente, praias e servizos xerais do 4 de xullo do 2024 número 641/2024 pola que se adxudicaron os postos de instalacións de temporada para o período 2024-2027, e que na mencionada resolucións constan como desertos algúns dos postos licitados.

Tendo en conta todo o que antecede, esta concellería de goberno, ao abeiro da delegación conferida polo Decreto núm. 571/2023 do 21.06.2023 e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente **RESOLVE**:

Primeiro.- Convocar unha nova licitación pública coa finalidade de proceder á adxudicación mediante poxa dos postos que quedaron desertos segundo a resolución número 641/2014 do 4 de xullo do 2024, sendo os postos os seguintes

Praia	Tipo de instalación
Ribeira	Kiosco K1
Grande de Miño	Kiosco K1
Grande de Miño	Food-Truck / Puesto de comida F1
Grande de Miño	Food-Truck / Puesto de comida F2
Grande de Miño	Puesto de hamacas P1
Grande de Miño	Puesto de helado artesano P2
Grande de Miño	Escola de surf D1

A precitada licitación rexerese polas seguintes prescricións:

1º.- Obxecto.

É obxecto da presente licitación a adxudicación mediante poxa dos postos que quedaron desertos segundo a resolución número 641/2014 do 4 de xullo do 2024. Para os quioscos, o concepto de xeados, aperitivos, bocadillos e refrescos é estrito, non podendo venderse bebidas con alcohol, agás as billas de cervexa no posto. Este tipo de instalacións non poderán contar nin con prancha, frixideiras, cociña ou extractores de fumes, xa que non son elementos necesarios para a dispensa de xeados, aperitivos e refrescos.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

A continuación relaciónanse as praias para as que se van conceder as autorizacións, así como o número de postos en cada unha delas, segundo os planos que se achegan a esta, sinalase o canon a pagar por cana unha das instalacións e a fianza correspondente.

Praia	Tipo de instalación	Período de apertura solicitado	Canon 2024*	Fianza 2024-2027
Ribeira	Kiosco	Xuño – Agosto	726,67	884,00
Grande de Miño	Kiosco k1	Xuño– Setembro	686,84	500,00
Grande de Miño	Food-Truck / Posto de comida F1	Xuño – Setembro	2.293,26	1.781,00
Grande de Miño	Food-Truck / Posto de comida F2	Xuño – Setembro	2.293,26	1.781,00
Grande de Miño	hamacas e sombrillas	Xuño– Setembro	946,37	500,00
Grande de Miño	Posto de xeado artesán	Xuño – Setembro	2.293,26	1.781,00
Grande de Miño	Escola de surf D1	Xuño - Setembro		

****Os importes a satisfacer en concepto de canon da anualidade 2024 serán calculados de xeito proporcional ao tempo de ocupación efectiva do dominio público marítimo-terrestre e servidume de tránsito.***

2º.- Superficie de ocupación.

A superficie de ocupación será a seguinte:

Praia	Tipo de instalación	Superficie do establecemento pechado	Superficie terraza	Unidades	Periodo de apertura
Ribeira	Kiosco K1	9,60 m2	20 m2		Xuño – Agosto
Grande de Miño	Kiosco K1	9,60 m2	6 m2		Xuño – Setembro
Grande de Miño	Food-Truck / Puesto de comida F1	9,60 m2	50 m2		Xuño – Setembro
Grande de Miño	Food-Truck / Puesto de comida F2	9,60 m2	50 m2		Xuño – Setembro
Grande de Miño	Puesto de hamacas P1	9,60 m2	20 m2	Hamacas: 20 Sombrillas: 10	Xuño – Setembro
Grande de Miño	Puesto de helado artesano P2	9,60 m2	50 m2		Xuño – Setembro
Grande de Miño	Escola de Paddle-surf f D1				Xuño – Setembro

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

A superficie de ocupación virá determinada pola caseta, terraza ou unidades de parasoís, taboas ou hidropedais. A instalación e a retirada será por conta do adxudicatario do posto. En canto ás casetas de titularidade municipal que se entregarán para os quioscos, levantarase unha acta da entrega da caseta ao adxudicatario e un acta de recepción unha vez finalizado o prazo de adxudicación.

A fixación dos postos será de acordo co plano das praias elaborado polos servizos técnicos municipais. Antes da instalación dos postos os adxudicatarios deberán poñerse en contacto cos servizos técnicos municipais co obxecto de fixar a localización da instalación.

3º.- Prazo da autorización.

O prazo da autorización será de 4 (catro) anos agás para o posto de Paddle-surf que será de 1 (un) ano

As autorizacións serán para o período xa determinado no punto 2º desta resolución. Para a anualidade 2024 o período virá determinado pola resolución de adxudicación.

4º.- Prezo de licitación.

O prezo base de licitación será de **1.500,00 (mil cincocentos) euros / ano**, que poderá ser mellorado á alza, para os quioscos de venda de refrescos, aperitivos e xeados agás o quiosco da praia da Ribeira que será de **500,00 (cincocentos) euros / ano**.

Para o posto de Xeados artesanais o prezo base de licitación será de **900,00 (novecentos) euros / ano**, que poderá ser mellorado á alza.

Para o posto de food truck o prezo base de licitación será de **900,00 (novecentos) euros/ano**, que poderá ser mellorado á alza.

Para o posto de táboas de paddle-surf e de hidropedais e canoas, o prezo base de licitación será de **900,00 (novecentos) euros/ ano**, que poderá ser mellorado á alza.

Para o posto de hamacas e sombrillas o prezo de licitación será de **500,00 (cincocentos) euros / ano**. que poderá ser mellorado á alza.

Para o posto de escola de Paddle-surf, o prezo base de licitación será de **900,00 (novecentos) euros/ ano**, que poderá ser mellorado á alza.

O prezo de licitación para os catro anos, terá que facerse do seguinte xeito:

1. Pagar o 40% do prezo de licitación nos 10 días hábiles seguintes a recibir a notificación da resolución da licitación.
2. Pagar o seguinte 30% do prezo de licitación antes do 1 de agosto de 2024.
3. Pagar o restante 30% do prezo de licitación antes do 1 de setembro de 2024.

Para a admisión da oferta será requisito indispensable ingresar nas contas habilitadas do Concello de Miño a cantidade de 250 €, que responderá do mantemento da oferta en caso de resultar adxudicatario. No caso de non resultar adxudicatario de ningún dos postos licitados pola administración municipal, procederase de oficio á devolución das cantidades ingresadas para responder do mantemento da oferta.

5º.- Prazo de presentación e apertura de ofertas.

Coa finalidade de dar a coñecer entre os posibles interesados a convocatoria desta nova licitación (licitación dos postos que quedaron desiertos segundo a resolución número 641/2024 do 04.07.2024, procederase a publicar un anuncio no taboleiro de edictos do Concello así como no taboleiro de anuncios na paxina web municipal **para que ata as 13:00 horas do 26 de xullo de 2024, as persoas interesadas poidan presentar as súas ofertas.**

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

As persoas interesadas deberán presentar no Rexistro presencial do Concello de Miño, en sobre pechado, a súa oferta económica, segundo o modelo contido no anexo, e incluír dentro do sobre o xustificante do ingreso de 250€ que se indica no punto 4º. No exterior do sobre deberá de indicarse a que tipo de instalación opta, indicando tamén a praia onde se pretende realizar a instalación e o posto polo que se poxa.

A apertura das ofertas terá lugar o luns 29 de xullo do 2024 ás 10:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Miño (Rúa a Carreira, nº 38 – 2ª Planta).

Unha vez realizada a licitación, **se algún dos adxudicatarios renunciase ao posto**, o Concello procederá á incautación da cantidade de 250 euros prestada para o mantemento da oferta, e este adxudicarase ao ofertante seguinte que máis se aproxime á oferta anterior para o mesmo posto, pero o prezo da adxudicación quedará fixado polo importe que ofertase o mellor licitador, polo que o titular da segunda oferta terá dereito no caso de renuncia da primeira á explotación do posto sempre e cando asuma voluntariamente o aboamento do importe que fose ofertado como mellor oferta. O 40% do importe da adxudicación do posto deberá ingresarse nas contas do Concello no prazo máximo de 10 días hábiles dende a notificación da adxudicación e presentar no Concello o correspondente xustificante do ingreso. A cantidade que se debe de ingresar será minorada nos 250 €, xa ingresados, coa presentación da oferta. No suposto de non efectuar o ingreso no prazo indicado entenderase que renuncia ao posto e adxudicarase á seguinte oferta, procedéndose tamén, no presente caso, á incautación da cantidade ingresada de 250 euros, para garantir o mantemento da oferta.

6º.-Obrigas dos adxudicatarios.

1.- Económicas.-

a) Prestar unha fianza polo importe indicado no punto 1º para cada un dos postos, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos nas praias. Nos termos e prazos establecidos pola demarcación de costas.

b) Ingresar o canon establecido para cada un dos postos ofertados que se establece no punto 1º.

c) Ingresar o importe de licitación ofertado, nos prazos estipulados. No caso de que o adxudicatario renunciase durante a vixencia da concesión á mesma, non tería dereito á devolución da parte proporcional das anualidades non vencidas.

No suposto de non xustificar os ingresos establecidos entendérase que renuncia ao posto e adxudicarase á seguinte mellor oferta, procedéndose á incautación da cantidade ingresada de 250 euros para garantir o mantemento da oferta.

2.- Limpeza.- Con carácter xeral, todos os adxudicatarios estarán obrigados a dispoñer de recipientes para o depósito de desperdicios derivados da súa actividade, que serán recollidos polo servizo municipal de limpeza. Consecuentemente, o adxudicatario deberá ter o contorno do seu posto de venda en perfecto estado de limpeza. Os titulares das instalacións serán responsables da recollida de lixo e desperdicios na propia instalación e da limpeza da zona ocupada incluído un radio de 6 metros ao redor da instalación.



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

3.- Fiscais.- Os adxudicatarios, con anterioridade ao inicio da actividade, deberán achegar unha declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia fiscal e de Seguridade Social, así como de non estar incurso en causa ningunha que lles impida contratar coa administración, de conformidade co previsto na lexislación de contratos das administracións públicas e presentar o recibo da licenza fiscal co epígrafe correspondente da actividade da que se trata.

4.- Carné de manipulador de alimentos.- Para poder optar á concesión dun quiosco de venda de xeados, refrescos, etc. e para os postos de food truck, será necesario presentar copia do carné de manipulador de alimentos, expedido pola administración competente, que deberá presentar no Concello con carácter previo ao inicio da actividade.

5.- Para a actividade de paddle-surf, ademais da documentación sinalada nos puntos anteriores, deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de adhesión da escola á Federación Española ou Galega de Surf.
- Documentación acreditativa da titulación do profesorado, acorde coa Resolución do 7 de febreiro de 2012, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se publica o plan formativo da modalidade deportiva de surf.
- Documentación acreditativa de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros.

6.- Instalación eléctrica.- O tendido eléctrico, por conta do adxudicatario, deberá ter as máximas condicións de seguridade, sendo da súa responsabilidade os danos que fosen causados a persoas ou bens por deficiencias na instalación. Non se permitirán os tendidos aéreos paralelos á costa agás no caso de imposibilidade material debidamente xustificada. Non se poderán instalar xeradores de electricidade agás que sexan de tipo silencioso

7.- Situación das instalacións.- A situación das instalacións deberá axustarse estritamente ao emprazamento que se sinala na autorización, sendo revisada a mesma polos servizos técnicos municipais.

8.- Autorización.- A autorización pola que se permite a ocupación temporal do dominio público marítimo terrestre mediante a colocación dos postos de quioscos para venda de refrescos, aperitivos e xeados, posto para food truck, así coma de postos de alugueiro de hidropedais, canoas e táboas de paddle-surf, postos de alugueiro de parasol, posto de xeados artesanais e posto de parque acuático, nas praias antes citadas, ten carácter condicional e precario, polo que a Corporación, en calquera momento poderá acordar o desmantelamento dos postos se non se cumpren as condicións establecidas, ou ben, por motivos de interese público.

A autorización non exime de obter as demais licenzas, permisos e autorizacións que legalmente poidan ser esixibles.

De conformidade co previsto no artigo 61.3º do Regulamento de bens das entidades locais, non serán transferibles as licenzas que teñan limitado o seu número.

9.- As casetas deberán permanecer abertas ao público de xeito que presten o servizo para o cal foron autorizadas, polo que non poden permanecer pechadas máis de 3 (tres) días consecutivos, implicando esta falla de utilización do permiso a caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza por incumprimento.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

10.- Extinguida a autorización, o titular estará obrigado a retirar e entregar a caseta subministrada, no prazo de 10 días, ao Concello no mesmo lugar na que a recolleu, así como cando o determine a Demarcación de Costas e, en todo caso, ao final da tempada, así como a restaurar a realidade física alterada.

En toda a ocupación por instalación de tempada débese deixar unha distancia mínima de 6 m dende a beira do mar na preamar.

Serán causa de caducidade, parcial ou total, desta autorización, ademais dos casos establecidos con carácter xeral no artigo 79 da Lei de Costas, os seguintes:

- A alteración dos usos autorizados.
- Aumento da ocupación autorizada en máis dun 10%.
- Almacenamento exterior de aprovisionamento, materiais ou depósitos de residuos das explotacións.
- A instalación de conducións aéreas.
- Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- A instalación de fosas sépticas non autorizadas.
- Incumprimento das obrigas e condicións desta autorización, así como de calquera das prohibicións establecidas, con carácter xeral, na Lei de costas e no seu regulamento.

7.- Dereito supletorio.- No non previsto neste prego, será de aplicación o disposto na Leis de Costas, no Regulamento de Costas e demais Leis aplicables.

Miño, na data que figura na marxe.

O concelleiro delegado
Francisco Manuel Abuín Cartamil

Dou fe,
O secretario acctal. municipal
Ignacio Edreira Moreira